

CONCERTO

# FOLIADA HABANEIRA

ALEJANDRO VARGAS TRÍO  
CON ROSA CEDRÓN

7 DE NOVIEMBRE DE 2019 ÁS 21:00 HORAS  
AUDITORIO DE GALICIA

REPERTORIO

DURACIÓN APROX. 1H 20MIN

**HERMOSO CIELO CUBANO**

ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ

**DANZÓN**

JOSÉ F. VIDE/POPULAR

**OLLAR XIRANDO DENTRO DA CAZOLA**

EUGENIO GRANELL/ALEJANDRO VARGAS

**BALADA INÉDITA**

JOSÉ CASTRO «CHANÉ»

**PRIMEIRA PEDRA**

JOSÉ CASTRO «CHANÉ»

**CANTIGA**

MANUEL CURROS ENRÍQUEZ/JOSÉ CASTRO

«CHANÉ»

**EL PAÑUELO DE PEPA**

IGNACIO CERVANTES

**LAS ALTURAS DE SIMPSON**

MIGUEL FAÍLDE

**PERLA MARINA**

SINDO GARAY



## UNHA FOLIADA PARA O 500 ANIVERSARIO DA FUNDACIÓN DA CIDADE DA HABANA

A cidade da Habana, cuxo quinto centenario se cumpre en novembro deste ano 2019, posúe unha relevancia sobranceira na historia de Galicia. Na capital cubana existiu tamén un mesto tecido asociativo galego dende 1871 e nela resoaron ademais os movementos sociais e políticos desenvolvidos en Galicia dende finais do século XIX, dende o rexionalismo até o agrarismo e o nacionalismo. Dende alí sostívose a Academia Galega dende o seu nacemento, así como dúcias de escolas, sociedades agrarias e periódicos anticaciquís de ámbito local, ademais de forxárense ou estreárense símbolos da Galicia contemporánea coma o himno galego. O son das gaitas resoou nas rúas habaneiras durante décadas, pero tamén a música cubana viaxou nas maletas que os retornados trouxeron de volta da súa epopea transatlántica e encheron os campos da festa de exóticas congas e rumbas.

O proxecto Foliada habaneira nace da simbiose entre a música galega e a cubana. A viaxe de ida e volta entre Cuba e Galiza

representa un lugar desde o cal situarse musicalmente, que Alejandro Vargas (piano e dirección musical), Rosa Cedrón (voz), Lar Legido (percusión) e José Manuel Díaz (contrabaixo) realizan. As habaneras, o son, a «guajira» ou paralelismos improvisadores como o repentismo e a regueifa son as augas que constitúen este mar polo que transitaron e transitan Cuba e Galiza, muiñeiras e danzóns. Desde o mar de sal da Habana até o mar de pedra de Compostela.

Con este concerto, que establece un diálogo musical entre ambas as beiras do Atlántico, o Consello da Cultura Galega quere reivindicar a vixencia do legado galego en Cuba e, tamén, o tesouro cultural que chegou a Galicia nos baúis procedentes do Malecón da Habana, cando se conmemoran os 500 anos da fundación da cidade.



EXPOSICIÓN

### O SOÑO CUBANO DA EMIGRACIÓN GALEGA

Museo do Pobo Galego dende o 7 de novembro ao 22 de decembro de 2019

#### ALEJANDRO VARGAS TRÍO CON ROSA CEDRÓN

##### ALEJANDRO VARGAS.-

Naceu na cidade de Holguín (Cuba) o 4 febreiro de 1980. Comezou os estudos de música á idade de 6 anos, recibindo clases de grandes mestres como Joel Rodríguez Milord, Ulises Hernández ou Harold Gramatges, até graduarse na especialidade de pianista concertista na Universidade ISA (Instituto Superior de Arte) da Habana. Completa os seus estudos en diferentes seminarios con músicos como Herbie Hancock, Chucho Valdés, Danilo Pérez ou Jorge Luis Prats.

Alejandro Vargas foi un dos directores musicais do espectáculo "Descarga ao Vivo, Galiza-Cuba" (2008-09) sobre o a música dos galegos na illa que tivo no 2017 a secuela "Chané na Habana", unha nova visión sobre as composicións de José Castro "Chané". Responsable tamén dos arranxos para o espectáculo "Miniaturas de Eugenio Granell. Miniaturas Reveladas" (2012). Todos estes traballos foron promovidos por aCentral Folque.

##### ROSA CEDRÓN.-

Nada en Monforte de Lemos o 25 de outubro de 1972, é unha cantante galega e intérprete de violonchelo, coñecida por ser a voz durante nove anos do grupo Luar na Lubre, e tamén por colaborar en discos de músicos como Mike Oldfield. No ano 2005 deixa Luar na Lubre e a partir dese momento dedícase á súa carreira en solitario, publicando en 2007 o seu primeiro disco Entre dous mares. En 2010 sacou un disco xunto a Cristina Pato, Soas muller, no que ela se encarga da voz e Cristina do piano. En 2013 gravou o disco Cantando a Galicia con Paco Lodeiro e Sito Sedes, proxecto que ademais incluíu unha xira de concertos. En 2016 publicou Nada que perder, o seu segundo álbum en solitario.

Rosa Cedrón é a voz de "Chané na Habana".

##### LAR LEGIDO.-

Músico, investigador sonoro e profesor de batería, expresión rítmica e improvisación na Estudio Escola de Música de Santiago de Compostela. Fórmase dende moi novo no CEDI (Centro de Encuentro para el Desarrollo de la Improvisación, Madrid), con especial atención ao seu foco de actuación e investigación: a improvisación. Na súa carreira artística colaborou con numerosos grupos e artistas e realizou un gran número de gravacións nas que abordou varios estilos musicais desde a improvisación libre ata o jazz, pasando polo folk ou o flamenco.

Lar Legido forma parte do trio de jazz Sumrrá e é o baterista dos espectáculos "Chané na Habana" e "Miniaturas de Eugenio Granell. Miniaturas Reveladas", proxectos producidos desde aCentral Folque.

##### JOSÉ MANUEL DÍAZ.-

Contrabaixista, arranxador e produtor musical cubano. Formouse na Escuela Nacional e no Instituto Nacional de las Artes de La Habana. Tocou en diversas formacións cubanas até que en 2009 fixa a súa residencia en Galicia. Aquí colaborou con diversos artistas do panorama musical galego, tanto de música tradicional como compositores, cos que tocou e para os que arranxou e produciu diversos discos, entre eles o de Alba María, de cuxa banda forma parte. Con todo, o seu ámbito de maior dedicación é o jazz, formando parte en diversas formacións como as de Felipe Villar, Pablo Seoane, Alejandro Vargas e Javier Marcos.

José Manuel Díaz é arranxista e co-director musical de "Chané na Habana" (2017) e contrabaixista de "Miniaturas de Eugenio Granell" e de Descarga ao Vivo. Galiza-Cuba no 2009, ano no que se instala definitivamente en Galiza desde onde colabora regularmente con distintos músicos do país.